



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE COMERCIO EXTERIOR

Abril 2019

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1. PRINCIPAIS RESULTADOS

A taxa interanual das exportacións galegas en abril de 2019 é do -10,7%, mentres que no conxunto do Estado é do 3,8%.

As exportacións de “Vehículos automóbiles; tractores” son as que teñen unha maior repercusión negativa na variación interanual.

As importacións diminúen un 5,2% con respecto a abril do ano pasado, debido fundamentalmente á diminución nas importacións de “Vehículos automóbiles; tractores”. En España as importacións baixan un 2,0%.

Cadro 1.- PRINCIPAIS MAGNITUDES. AVANCE DE DATOS

Período	Exportacións/Expedicións		Importacións/Introducións		Saldo ⁽¹⁾	Taxa de cobertura (%) ⁽²⁾
	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	
GALICIA						
abril2019	1.763.294	-10,7	1.536.770	-5,2	226.524	114,7
xaneiro-abril2019	6.918.205	-9,8	6.562.224	9,0	355.982	105,4
ESPAÑA						
abril2019	24.764.585	3,8	26.369.837	-2,0	-1.605.253	93,9
xaneiro-abril2019	95.778.008	0,9	106.846.883	1,9	-11.068.875	89,6

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

(2) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

2.- DATOS POR PRODUCTOS

Exportacións


En abril de 2019, en Galicia, as exportacións diminúen un 10,7% respecto ao mesmo mes de 2018 e no total deste ano 2019 diminúen un 9,8%.

Os produtos con maior influencia positiva nas exportacións de abril foron as “Máquinas e aparellos mecánicos” que, cun peso do 3,7% sobre o total das exportacións galegas e unha taxa de variación do 31,3% con respecto a abril de 2018, repercuten en 0,8 puntos na taxa de variación das exportacións. Pola contra, os produtos con maior repercusión negativa nas exportacións de abril foron os “Vehículos automóbiles; tractores” que repercuten en -6,9 puntos e supoñen o 19,5% das exportacións galegas neste mes; seguidos, xa a máis distancia, polos “Combustibles, aceites minerais” (-3,1 puntos).

No que vai de 2019, as vendas ao exterior de “Aparellos e material eléctrico” son as que inflúen máis positivamente no comportamento das exportacións (0,8 puntos), mentres que as influencias máis negativas no total corresponden ás exportacións de “Prendas de vestir, non de punto” (-3,9 puntos). (gráfico 1)

Gráfico 1. Exportacións

Principais achegas á taxa do total en %



Importacións


En abril de 2019, en Galicia, as importacións diminúen un 5,2% respecto ao mesmo mes de 2018 e no total do ano 2019, soben un 9,0%.

Os produtos que máis positivamente influíron nas importacións en abril foron os “Aparellos e material eléctrico”, que representan o 4,0% das importacións galegas e achegan 1,8 puntos á taxa de variación das importacións; destacan tamén as “Prendas de vestir, non de punto” con 1,4 puntos. Pola contra, as maiores repercusións negativas atopámolos nos “Vehículos automóbiles; tractores” que, cun peso do 29,0% sobre o total das importacións, repercuten en -3,3 puntos; seguidos moi de cerca polas “Aeronaves; vehículos espaciais” con -3,1 puntos. Polo tanto o grupo de “Material de transporte” que supón o 29,3% das importacións galegas aporta 6,5 puntos negativos á taxa de variación das importacións.

No que vai do ano 2019, os “Vehículos automóbiles; tractores”, con 1,9 puntos e as “Prendas de vestir, non de punto” con 1,8 puntos representan as maiores achegas positivas á variación total, mentres que as “Aeronaves; vehículos espaciais” a maior achega negativa, -0,9 puntos. (gráfico 2)

Gráfico 2. Importacións

Principais achegas á taxa do total en %



3.- DATOS POR ZONAS XEOGRÁFICAS

En abril, as expedicións dirixidas á UE-28 (76,3% do total) presentan unha taxa de variación interanual do -11,7% debido á baixada das vendas á maioría dos países cos que o peso do comercio é máis significativo. Prodúcense os maiores descensos en Bélxica (-43,2%), Países Baixos (-33,4%) e Italia (-17,7%); mentres que Portugal presenta o ascenso máis salientable (2,0%). No caso das introducións da UE-28, que neste mes de abril representan un 54,9% do total, prodúcese unha diminución do 5,6%, debido á diminución das nosas compras a Francia (-12,4%), Portugal (-4,4%) e Reino Unido (-21,1%), a pesar do aumento das compras aos Países Baixos (127,3%).

Con respecto ao resto de países e no referente ás exportacións, destacaremos o aumento das dirixidas cara China fronte a diminución das que teñen como destino os Estados Unidos. Mentres que no concerne ás importacións, aumentan as procedentes de Marrocos e diminúen as de Estados Unidos.

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. ABRIL 2019. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	1.763.294	100,0	-10,7	1.536.770	100,0	-5,2
EUROPA	1.421.579	80,6	-11,2	904.218	58,8	-5,1
UE28	1.345.986	76,3	-11,7	843.308	54,9	-5,6
Zona Euro	1.092.143	61,9	-11,3	774.260	50,4	-5,3
Alemaña	98.497	5,6	-3,4	57.944	3,8	8,0
Bélxica	59.062	3,3	-43,2	12.837	0,8	-45,8
Francia	332.912	18,9	-3,7	410.854	26,7	-12,4
Grecia	30.512	1,7	-6,9	696	0,0	-38,0
Irlanda	17.082	1,0	-6,6	2.292	0,1	-8,3
Italia	164.667	9,3	-17,7	68.721	4,5	18,9
Países Baixos	77.659	4,4	-33,4	33.372	2,2	127,3
Portugal	263.060	14,9	2,0	155.577	10,1	-4,4
Eslovaquia	10.499	0,6	-23,0	19.955	1,3	5,6
Resto UE28	243.634	13,8	-13,6	66.561	4,3	-7,6
Reino Unido	106.906	6,1	-20,6	24.037	1,6	-21,1
Polonia	58.449	3,3	-2,4	10.261	0,7	-4,8
Romanía	20.608	1,2	-8,8	2.659	0,2	-62,7
RESTO DE EUROPA	75.593	4,3	-1,3	60.910	4,0	3,4
Turquía	29.666	1,7	-23,5	45.746	3,0	51,1
AMÉRICA	139.291	7,9	-14,8	203.466	13,2	-7,8
AMÉRICA DEL NORTE	61.882	3,5	-23,2	32.463	2,1	-59,7
Estados Unidos	47.214	2,7	-33,4	31.801	2,1	-60,2
AMÉRICA LATINA	76.643	4,3	-6,3	144.946	9,4	10,3
México	14.933	0,8	-29,5	67.270	4,4	42,8
Argentina	3.951	0,2	-79,6	29.038	1,9	34,8
Ecuador	4.385	0,2	31,4	21.582	1,4	-9,0
ASIA	99.705	5,7	-7,4	166.018	10,8	-6,6
Oriente Medio	32.390	1,8	-28,2	3.942	0,3	-86,5
Xapón	9.285	0,5	3,5	26.311	1,7	37,6
China	27.750	1,6	35,2	68.845	4,5	64,3
ÁFRICA	93.124	5,3	-2,4	254.660	16,6	-1,5
Marrocos	68.329	3,9	-1,7	57.013	3,7	96,9
Namibia	1.851	0,1	245,6	14.893	1,0	-28,4

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo


4.- INFORMACIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

O peso de Galicia no conxunto de España, en abril de 2019, ascende ao 7,1% no total de exportacións e ao 5,8% nas importacións, e presenta unhas taxas de variación interanual do -10,7% e do -5,2% respectivamente.

O aumento das exportacións en España¹ no mes de abril de 2019 (3,8%) ven explicado pola evolución positiva de dez comunidades autónomas, entre as que sobresaen Cataluña, Andalucía e País Vasco, que achegan en conxunto 4,2 puntos positivos á taxa de variación das exportacións.

En canto ás importacións, a diminución do 2,0% no conxunto do Estado ven provocado pola diminución rexistrada en nove comunidades autónomas, destacando principalmente Andalucía que achega -2,7 puntos á taxa de variación das importacións.

Gráfico 3. Comercio exterior por Comunidades Autónomas
Abril 2019. Principais achegas á taxa do total en %




No que vai do ano, as exportacións en España presentan unha taxa de variación do 0,9%. Atopamos taxas positivas en trece comunidades autónomas, distinguíndose entre elas Aragón; entre as catro comunidades autónomas con taxas de crecemento negativas salientamos principalmente Galicia. A nosa comunidade, neste ano 2019, amosa unha taxa de variación do -9,8%, cun peso do 7,2% sobre o total das exportacións nacionais e convértese na comunidade autónoma coa achega máis negativa (-0,8 puntos) a ese crecemento nacional.

No caso das importacións españolas rexístrase un incremento do 1,9%. O peor comportamento amósao Andalucía, restando 0,8 puntos á taxa final. Entre as comunidades autónomas que teñen taxas positivas destaca o comportamento de Cataluña. A comunidade galega presenta unha variación acumulada do 9,0%, cun peso do 6,1% sobre o total das importacións nacionais e achega 0,5 puntos ao crecemento nacional.


¹ Na comparativa por comunidades autónomas non temos en conta os datos de Ceuta e Melilla por presentar unha porcentaxe practicamente nula no total de exportacións e importacións españolas.

Gráfico 4. Comercio exterior por Comunidades Autónomas
Xaneiro-abril 2019. Principais achegas á taxa do total en %



5.- EVOLUCIÓN DO COMERCIO EXTERIOR EN GALICIA

Gráfico 5. Taxas de variación anual (%).
Ciclo tendencia



Fonte: IGE. Elaboración propia

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. ABRIL 2019. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	1.763.294	100,0	-10,7	1.536.770	100,0	-5,2
EUROPA	1.421.579	80,6	-11,2	904.218	58,8	-5,1
UE28	1.345.986	76,3	-11,7	843.308	54,9	-5,6
Zona Euro	1.092.143	61,9	-11,3	774.260	50,4	-5,3
Alemaña	98.497	5,6	-3,4	57.944	3,8	8,0
Austria	9.809	0,6	-9,5	4.391	0,3	6,8
Bélxica	59.062	3,3	-43,2	12.837	0,8	-45,8
Finlandia	2.972	0,2	-52,6	4.136	0,3	-37,6
Francia	332.912	18,9	-3,7	410.854	26,7	-12,4
Grecia	30.512	1,7	-6,9	696	0,0	-38,0
Irlanda	17.082	1,0	-6,6	2.292	0,1	-8,3
Italia	164.667	9,3	-17,7	68.721	4,5	18,9
Luxemburgo	5.203	0,3	130,7	902	0,1	-10,2
Países Baixos	77.659	4,4	-33,4	33.372	2,2	127,3
Portugal	263.060	14,9	2,0	155.577	10,1	-4,4
Chipre	4.425	0,3	-8,4	6	0,0	1.091,8
Eslovaquia	10.499	0,6	-23,0	19.955	1,3	5,6
Eslovenia	4.720	0,3	-7,7	1.010	0,1	133,4
Estonia	3.676	0,2	2,9	898	0,1	817,0
Letonia	1.663	0,1	-23,4	94	0,0	46,7
Lituania	3.352	0,2	28,6	574	0,0	-59,9
Malta	2.373	0,1	-0,3	1	0,0	-68,5
Resto UE28	243.634	13,8	-13,6	66.561	4,3	-7,6
Dinamarca	11.399	0,6	6,6	9.472	0,6	104,7
Reino Unido	106.906	6,1	-20,6	24.037	1,6	-21,1
Suecia	12.779	0,7	-23,5	7.494	0,5	44,5
Hungría	8.205	0,5	-8,5	1.026	0,1	2,3
Polonia	58.449	3,3	-2,4	10.261	0,7	-4,8
República Checa	10.609	0,6	2,0	10.280	0,7	-7,7
Bulgaria	4.215	0,2	-14,7	207	0,0	-61,0
Romanía	20.608	1,2	-8,8	2.659	0,2	-62,7
Croacia	10.465	0,6	-20,1	1.124	0,1	-7,1
RESTO DE EUROPA	75.593	4,3	-1,3	60.910	4,0	3,4
Turquía	29.666	1,7	-23,5	45.746	3,0	51,1
Rusia	12.130	0,7	-9,4	4.779	0,3	-57,4
AMÉRICA	139.291	7,9	-14,8	203.466	13,2	-7,8
AMÉRICA DEL NORTE	61.882	3,5	-23,2	32.463	2,1	-59,7
Estados Unidos	47.214	2,7	-33,4	31.801	2,1	-60,2
AMÉRICA LATINA	76.643	4,3	-6,3	144.946	9,4	10,3
México	14.933	0,8	-29,5	67.270	4,4	42,8
Argentina	3.951	0,2	-79,6	29.038	1,9	34,8
Ecuador	4.385	0,2	31,4	21.582	1,4	-9,0
ASIA	99.705	5,7	-7,4	166.018	10,8	-6,6
Oriente Medio	32.390	1,8	-28,2	3.942	0,3	-86,5
Xapón	9.285	0,5	3,5	26.311	1,7	37,6
China	27.750	1,6	35,2	68.845	4,5	64,3
India	3.958	0,2	75,6	9.940	0,6	-21,9
Indonesia	1.760	0,1	29,0	10.919	0,7	-63,3
ÁFRICA	93.124	5,3	-2,4	254.660	16,6	-1,5
Marrocos	68.329	3,9	-1,7	57.013	3,7	96,9
Namibia	1.851	0,1	245,6	14.893	1,0	-28,4

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. XANEIRO-ABRIL 2019. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	6.918.205	100,0	-9,8	6.562.224	100,0	9,0
EUROPA	5.557.578	80,3	-13,5	3.920.094	59,7	5,7
UE28	5.289.649	76,5	-13,7	3.575.841	54,5	3,3
Zona Euro	4.212.024	60,9	-13,7	3.308.250	50,4	4,2
Alemaña	394.649	5,7	-15,1	244.496	3,7	13,6
Austria	34.835	0,5	-22,5	23.586	0,4	16,9
Bélxica	212.829	3,1	-48,1	47.047	0,7	-36,3
Finlandia	17.905	0,3	-22,5	25.270	0,4	5,4
Francia	1.334.480	19,3	-10,0	1.894.399	28,9	2,8
Grecia	109.090	1,6	-16,8	3.649	0,1	-8,9
Irlanda	65.171	0,9	-11,4	9.344	0,1	-2,4
Italia	588.350	8,5	-20,8	247.542	3,8	6,9
Luxemburgo	14.766	0,2	77,0	2.815	0,0	-42,0
Países Baixos	290.765	4,2	-12,7	99.136	1,5	37,9
Portugal	1.024.608	14,8	-1,2	611.968	9,3	1,6
Chipre	16.102	0,2	-7,3	7	0,0	-66,4
Eslovaquia	46.072	0,7	-5,9	91.419	1,4	31,3
Eslovenia	20.406	0,3	2,2	3.407	0,1	48,1
Estonia	17.668	0,3	27,6	1.469	0,0	245,8
Letonia	5.905	0,1	-10,0	299	0,0	-69,4
Lituania	9.583	0,1	-10,8	2.394	0,0	-8,3
Malta	8.839	0,1	-15,2	4	0,0	-59,0
Resto UE28	1.037.716	15,0	-14,3	257.346	3,9	-6,9
Dinamarca	46.769	0,7	-18,2	36.145	0,6	101,7
Reino Unido	518.856	7,5	-12,4	97.853	1,5	-22,9
Suecia	56.245	0,8	-21,9	27.745	0,4	22,7
Hungría	33.688	0,5	-9,0	3.321	0,1	-19,7
Polonia	215.661	3,1	-16,5	33.166	0,5	-4,2
República Checa	39.133	0,6	-10,2	40.905	0,6	0,9
Bulgaria	17.620	0,3	-4,3	927	0,0	-29,7
Romania	72.057	1,0	-16,1	13.360	0,2	-46,4
Croacia	37.687	0,5	-19,5	3.923	0,1	15,2
RESTO DE EUROPA	267.929	3,9	-10,7	344.252	5,2	39,7
Turquía	98.581	1,4	-41,4	183.925	2,8	67,3
Rusia	38.683	0,6	2,8	29.950	0,5	-52,6
AMÉRICA	570.602	8,2	7,6	753.793	11,5	6,6
AMÉRICA DEL NORTE	238.939	3,5	19,2	161.196	2,5	-15,6
Estados Unidos	200.375	2,9	18,7	157.938	2,4	-16,1
AMÉRICA LATINA	329.301	4,8	0,7	539.025	8,2	12,5
México	76.958	1,1	-2,9	239.799	3,7	5,2
Argentina	19.830	0,3	-75,0	81.570	1,2	43,9
Ecuador	14.305	0,2	17,3	80.166	1,2	16,3
ASIA	331.819	4,8	1,7	895.072	13,6	9,4
Oriente Medio	104.566	1,5	-13,5	15.769	0,2	-84,2
Xapón	31.704	0,5	-1,8	79.631	1,2	31,7
China	82.238	1,2	32,1	386.759	5,9	37,7
India	13.954	0,2	43,0	44.644	0,7	2,4
Indonesia	7.112	0,1	14,8	134.715	2,1	-13,2
ÁFRICA	367.571	5,3	7,1	926.684	14,1	24,0
Marrocos	238.087	3,4	0,1	239.848	3,7	79,1
Namibia	4.928	0,1	-49,1	48.980	0,7	-18,4

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTONOMAS. ABRIL 2019. AVANCE DE DATOS

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
TOTAL	24.764.585	100,0	3,8	26.369.837	100,0	-2,0	93,9
Andalucía	3.133.224	12,7	10,3	2.031.201	7,7	-26,4	154,3
Aragón	1.145.662	4,6	13,9	919.850	3,5	-9,4	124,5
Asturias (Principado de)	427.895	1,7	31,8	368.515	1,4	-2,3	116,1
Baleares (Illes)	126.105	0,5	-6,1	241.048	0,9	21,7	52,3
Canarias	256.126	1,0	9,8	313.036	1,2	-19,0	81,8
Cantabria	238.627	1,0	8,8	162.478	0,6	-10,7	146,9
Castilla y León	1.153.286	4,7	-15,0	1.015.237	3,8	-18,9	113,6
Castilla-La Mancha	574.564	2,3	-1,9	719.379	2,7	0,2	79,9
Cataluña	6.441.061	26,0	8,1	7.842.122	29,7	3,4	82,1
Ceuta	351	0,0	-78,5	11.406	0,0	-47,0	3,1
Comunidad Valenciana	2.617.447	10,6	5,6	2.440.468	9,3	7,7	107,3
Extremadura	143.018	0,6	-3,7	97.530	0,4	-4,2	146,6
Galicia	1.763.294	7,1	-10,7	1.536.770	5,8	-5,2	114,7
Madrid (Comunidad de)	2.309.500	9,3	-8,9	5.178.910	19,6	3,3	44,6
Melilla	1.292	0,0	-43,3	9.341	0,0	-16,6	13,8
Murcia (Región de)	983.860	4,0	7,8	944.316	3,6	1,9	104,2
Navarra (Comunidad Foral de)	870.145	3,5	11,9	468.466	1,8	11,5	185,7
País Vasco	2.227.022	9,0	11,5	1.734.289	6,6	8,0	128,4
Rioja (La)	148.625	0,6	-7,8	113.386	0,4	-5,7	131,1
Sen determinar	203.482	0,8	-0,8	222.091	0,8	-32,1	91,6

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTONOMAS. XANEIRO-ABRIL 2019. AVANCE DE DATOS

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
TOTAL	95.778.008	100,0	0,9	106.846.883	100,0	1,9	89,6
Andalucía	11.444.183	11,9	2,6	9.759.170	9,1	-7,8	117,3
Aragón	4.395.926	4,6	15,5	3.774.546	3,5	-3,7	116,5
Asturias (Principado de)	1.505.542	1,6	19,1	1.332.954	1,2	-4,0	112,9
Baleares (Illes)	456.957	0,5	-11,8	601.164	0,6	12,4	76,0
Canarias	833.589	0,9	0,8	1.160.358	1,1	-8,5	71,8
Cantabria	954.550	1,0	23,3	699.126	0,7	2,9	136,5
Castilla y León	4.780.111	5,0	-9,6	4.147.172	3,9	-10,8	115,3
Castilla-La Mancha	2.376.206	2,5	3,2	2.822.158	2,6	-0,4	84,2
Cataluña	24.414.934	25,5	0,9	31.446.164	29,4	4,8	77,6
Ceuta	1.802	0,0	-75,1	104.625	0,1	21,1	1,7
Comunidad Valenciana	10.607.706	11,1	0,7	9.622.559	9,0	3,9	110,2
Extremadura	589.155	0,6	0,1	386.683	0,4	-9,9	152,4
Galicia	6.918.205	7,2	-9,8	6.562.224	6,1	9,0	105,4
Madrid (Comunidad de)	9.793.035	10,2	1,7	20.756.320	19,4	3,7	47,2
Melilla	6.135	0,0	-45,8	35.330	0,0	-16,3	17,4
Murcia (Región de)	3.544.879	3,7	3,5	3.624.362	3,4	7,4	97,8
Navarra (Comunidad Foral de)	3.312.037	3,5	9,1	1.717.660	1,6	3,9	192,8
País Vasco	8.402.135	8,8	-0,2	6.892.773	6,5	5,8	121,9
Rioja (La)	639.158	0,7	0,4	473.253	0,4	-1,1	135,1
Sen determinar	801.761	0,8	0,6	928.285	0,9	-18,4	86,4

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

Notas metodolóxicas

A información do comercio exterior de Galicia provén de rexistros administrativos do “Departamento de Aduanas e Impostos Especiales” da “Agencia Estatal Tributaria”, que recollen mensualmente as operacións de comercio exterior de bens que se producen en España. Este rexistro administrativo, para o Comercio con terceiros países, ten como base a Declaración de despacho en Aduana (DUA ou Documento Único Administrativo). Para o Comercio intracomunitario, dende o ano 1993, non existen fronteiras entre os países que integran a Unión Europea nin, polo tanto, formalidades aduaneiras. Por tanto, en xeral, estableceuse a obriga por parte dos operadores económicos de formalizar a Declaración estatística Intrastat, que recolle as correspondentes operacións intracomunitarias. Dita declaración constitúe a base para a obtención dos datos estatísticos do comercio entre os Estados membros.

Na estatística de comercio exterior e intracomunitario preséntanse os seguintes fluxos:

Expedicións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido ao resto da UE (excluíndo o resto de España).

Exportacións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.

Introducións: comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal do resto da UE (excluíndo o resto de España) é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Importacións comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal de países que non forman parte da UE é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Para as definicións das áreas utilízase a xenomnclatura elaborada por Eurostat.

Os datos deste informe proveñen da información subministrada polo “Ministerio de Industria, Comercio y Turismo” na súa páxina web.

Para máis información:

<https://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1180&paxina=003002001>